



## Circular 04-2013/14

# Xestión das faltas de orde

O mantemento dun bo clima de convivencia é un dos elementos esenciais para garantir un servizo educativo de calidade. Para acadar ese obxectivo, o IES Colmeiro desenvolve un traballo diario no que está comprometido o conxunto do centro e ao que contribúen, entre outras instancias, todos os seus órganos de xestión e de coordinación didáctica, todos os seus equipos docentes e o Observatorio da Convivencia.

Unha boa parte da documentación institucional do IES Pintor Colmeiro desenvolve cuestións relativas á convivencia e establece medidas coas que se pretende melloralas. O Anexo IV do Regulamento de Réxime Interior do IES Pintor Colmeiro (RRI) dispón que “cando o alumnado incorra nunha falta grave ou acumule varias faltas leves impedindo dar a clase, poñeráselle unha falta de orde”.

Esta circular ten por obxecto informar á comunidade educativa do IES Pintor Colmeiro do procedemento deseñado para a xestión das faltas de orde do alumnado.

1. O profesorado derivará ao alumnado a Xefatura de Estudos se incorre nunha falta grave de orde ou se acumula faltas leves. Os alumnos/as non poderán ser expulsados da aula por falta de material ou por falta de puntualidade.
2. Cando se dea a situación á que se refire o parágrafo anterior, o profesorado cumprimentará o correspondente parte de convivencia, onde se fará constar o traballo que o alumno/a debe realizar na Aula de Convivencia (AC). Así mesmo, fará constar a falta de orde no parte diario de faltas.
3. Se o xefe/a de estudos decidira enviar o alumno/a expulsado á AC, o profesorado de garda de convivencia deberá:
  - Anotar o alumno/a na carpeta que para tal fin hai na AC.
  - Axudarlle ao alumno/a sancionado a reflexionar sobre o seu comportamento.
  - Controlar que os alumnos/as realicen as tarefas sinaladas polo profesorado.
4. Os titores/as levarán o rexistro das faltas de orde e informarán telefonicamente ás familias de cada unha das faltas dos seus fillos/as.
5. Cando un alumno/a acade as dez faltas de orde, o procedemento será o seguinte:
  - Comunicarase a situación á Xefatura de Estudos.
  - Acordaranse os días nos que o alumno/a será sancionado coa perda do dereito de asistencia a clase.
  - Establecerase a data para celebrar unha reunión cos representantes legais do alumno/a, que será comunicada polo titor/a telefonicamente ou por carta con acuse de recibo, e na que se lles comunicará a sanción imposta ao seu fillo/a. No caso de non poder acudir, Xefatura de Estudos informarlles por carta con acuse de recibo.
6. Cada falta de orde implicará un parte de convivencia.
7. O alumnado que acumule cinco faltas de orde nun curso académico perderá o dereito a participar nas actividades extraescolares.

Silleda, 07 de novembro de 2013.

O equipo directivo

